

PUBRICAZÓNS DO "SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS"
SEIZÓN DE PREHISTORIA

Fascículo I

CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

VAL DE VILAMARÍN




REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F-1748

Biblioteca

NÓS, pubricazóns galegas e imprenta, Real 36-1.º A CRUÑA - 1927



PUBRICAZÓNS DO "SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS"
SEIZÓN DE PREHISTORIA

CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS



NÓS, publicazóns galegas e imprenta, Real 36-1.º A CRUÑA - 1927

PROCEEDINGS OF THE SEMINAR ON THE HISTORY OF THE UNITED STATES

SEMINAR ON THE HISTORY OF THE UNITED STATES

1978

THE HISTORY OF THE UNITED STATES



1978

CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

СЪСТАВЪ НА КОМИТЕТО ЗА

VERBAS PRELIMIARES

Poden concretarse os fitos da catalogazón que oxe emprende iste Seminario nos puntos seguintes:

- a) Determinanza da localización xeográfica dos castros que presentan obras defensivas.
- b) Determinanza da localización de certos lugares, que levando aquíl nome, non ofrecen vestixios de fortificación e conservan soio lembranzas folklóricas. (Contos, lèndas, celebración de foliós ou romaxes, etc.)
- c) Recollida de todol-os datos relativos á forma, mensuras, xeitos defensivos, situazón, obxectos asoellados e referenzas bibliográficas de cada unha das estazóns estudadas.
- d) Acadamento de notizas respecto ás mamoadas, acochos, achádegos soltos e restos de intrínseco arqueolóxico de toda crás, que existan ou teñan aparecido nas veciñanzas dos castros.
- e) Recollida do folklóre localizado en cada recinto castrexo.

Dividiremos o noso Catálogo en seicións que se corresponderán no posíbel con bisbarras naturais e, dentro de elas, as notizas relativas a cada estazón irán repartidas baixo os epígrafes seguintes: DEFENSAS, MENSURAS, OBSERVAZÓNS, FOLKLORE e BIBLIOGRAFÍA.

A documentación gráfica costará de un croquis con pranta e corte ou cortes pra cada castro catalogado, sempre que istes teñan obras defensivas, e dos dibuxos e fotografías que sexan indispensábel pra o escrarecemento do testo.

Cada seición irá precedida de unha pequena nota xeográfica da bisbarra, que dende logo debe considerarse como esporádica por completo, e seguida de algunhas considerazóns xerais de orde arqueolóxico e folklórico e de un mapa, onde a máis de sinalarse o emprazamento dos recintos castrexos, sinalárase o dos outros xacementos prerromanos ou romanos da súa veciñanza.

Encetamos a nosa laboureira ca publicación de tres bisbarras do sul da Galiza: *Val de Vilamarín, Terra de Carballiño e Terra de Celanova*, que tencionamos axuntar en tres fascículos tirados aparte.

Non se nos oculta a manitude da tarefa que oxe emprendemos, máis o entusiasmo e as forzas mozas que latexan dentro do noso seminario dánnos a seguranza de que ha ser levada a cabo nun tempo relativamente curto.

VERBAS PRELIMINARES

Podem concretarse os tipos da catalogazón que oxe emprende este Seminario nos puntos seguintes:

- Determinanza da localización xeográfica dos castros que presentan obras defensivas.
- Determinanza da localización de certos lugares, que levando algún nome, non ofrecen vestixios de fortificación e conservan sólo lembranzas folklóricas (Costos, lóndas, celebración de folios ou romaxes, etc.).
- Recollida de todos os datos relativos á forma, estrutura, zonas defensivas, situación, obxectos asociados e referencias bibliográficas de cada unha das estancias estudadas.
- Axudamento de noticias respecto ás mamors, acochos, achédegos, solas e restos de muros arqueolóxicos de toda orde, que existan ou teñan aparecido nas veciñanzas dos castros.
- Recollida do folklóre localizado en cada recinto castrexo.

Dividiremos o noso Catálogo en seccións que se corresponden coa seguinte clasificación natural e, dentro de cada unha, as noticias relativas a cada estase serán repartidas baixo as seguintes categorías: DEFENSAS, MENSURAS, OBSERVAZÓN, FOLKLORE e BIBLIOGRAFÍA.

A documentación gráfica consistirá de un croquis con planta e corte en cortes para cada castro catalogado, sempre que isto teña obras defensivas, e dos planos e fotografías que sexan indispensables para o esclarecemento do texto.

Cada sección irá precedida de unha pequena nota xeográfica da bisbarra, que dando lugar debe considerarse como esbozo por completo, e seguida de algunhas consideracións xerais de orde arqueolóxico e folklórico e de un mapa, onde a maior sintonía o emprego xenerale dos recintos castrexos, sinalárase o dos outros xacementos prehistóricos ou romanos da súa veciñanza.

Encetamos a nosa labor en publicación de tres bisbarras do sul de Galicia: Val de Limia, Terra de Carballido e Terra de Celanova, que nos permitamos axuntar en tres fascículos tirados aparte.

Non se nos oculta a limitación da tarefa que oxe emprendemos, mais o entusiasmo e as forzas morais que hoxe dentro do noso Seminario damos a seguianza de que na realidade a cabo a un tempo relativamente curto.



CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

SEIZÓN PRIMEIRA

VAL DE VILAMARÍN

O val de Vilamarín, que se pode chamar tamén val outo do Barbantiño, por ter iste río a súa nacemento nos montes da súa banda norte, alcóntrase situado a 11 kilómetros ô norte da cidade de Ourense. É unha terra crásica de meia montana, con prados vizo-
sos, searas estesas, boas millareiras, som-
brizos soutos de castiñeiros e mestos piñei-
raes. O norte e oeste atópase domiado pol-a
rexa mole da serra da Martiñá e pol-as
cumiadas mais baixas que fan a divisóira
das cuncas do Barbantiño e do Bupal. Pol-o
sul e pol-o leste ringleiras de outeiros ben
traballados pol-a erosión marcan a divisóira
co Miño.

O releve do val é abondoso en monticelos
de cota flebe, escollidos moitas vegadas pra
o emprazamento dos castros, notándose que
istes monticelos erguen mais os seus lombos
conforme se achegan ás abas da Martiñá.

A formazón xeolóxica é normalmente a
de estratos cristaiños en case que todo
o val, agás nos montes outos do norte e do
oeste onde existen fortes afroramentos de
pedra de grá.

Número I


CASTRO DA MARTIÑÁ

EMPRAZAMENTO—Na provincia de Ou-
rense, Concello de Cea, Freguesía de Vales
de Oseira, a uns 600 metros enriba e cara
o norte do lugar da Martiñá e a 4 kilómetros
do Mosteiro de Oseira.

Atópase construído no cume mais outo
(1.000 metros) e penedoso da serra de aquíl
nome e albíscanse dende il as terras de meia
Galiza. Fican ô seu pé os vales do Arenteiro
e do Barbantiño e as veigas de Amoeiro,

Vilamarín, Carballiño e Cea, e mais lonxe xá, dexérganse os vales do Miño, da Arnoia, da Avia e do Bupal, pechando o hourizonte pol-o norte o Pico Sagro e a serra do Faro, pol-o leste os montes do Barco e do Bolo, pol-o sul as outuras raianas do Laboreiro e de Santa Eufemia e pol-o oeste o Suido e o Testeiro.

DEFENSAS—É iste un castro de feitura sinxela. O cume onde se asenta, foi aplainado todo o que o permitiu a súa natureza penedosa, e ten de arredor restos de unha muralla de cachotes, que se erguía directamente dende o chan natural, sen ter debaixo terraplén nin foso dediante.



MENSURAS—De xeito case circular, mede:

No eixe maior do leste ó oeste 122 metros.

No eixe pequeno do norte ó sul. 116 metros.

OBSERVAZONS—Todal-as pedras soltas que sealcontran dentro do castro parecen ter pertencido ás murallas de defensa, non observándose ningún sinal de alicerces, nin véndose na superficie do terreo tégulas nin cerámicas de ningunha crás.

A principal caraiterística de iste castro é a catividade das súas defensas artificiaes, debida cicáis á probeza en recursos ou en xente da poboazón que o ergueu, ou a que o rexo da posizón natural dispensounos demeirandes esforzos na obra de fortificazón.

FOLKLORE—Un home do lugar da Martiñá, que por certo gabounos moito a forteza do castro, decíndonos que non tiña parello na bisbarra, contounos que toda a obra fora de man dos mouros que viviran n-il e n-ista terra 200 anos. Díxonos tamén que o castro tiña sona de ter tesouros de abondo.

BIBLIOGRAFÍA—Aparece citado iste castro por Vázquez Núñez «Las Mámoas» Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense, vol. I, pax. 351.

(Catalogado por Vicente Risco, Arturo Suárez, Leuter G. Salgado e Florentino L. Cuevillas.)

Número II

CASTRO DE BAÍNTE

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, Concello de Vilamarín, Freguesía de Santa María de Vilamarín e a 300 metros cara o Noroeste e por enriba do lugar de Baínte.

Está no cume de un monte de xeito arredondado e cheo de toxos e carpazas, que fai como un contraforte da serra da Martiñá, de cuías abas meridionaes fica desviado uns 600 metros, meténdose somente no meio o val estreito e pouco fondo onde se asenta o lugar de Vilar de Montes.

DEFENSAS.—Cinguía o castro unha muralla, oxe esborrallada, feita de cachotes pequenos que se ollan derrubados a un e outro

lado do alicerce, que se ergue en col de un terraplén de 9 metros de outura meia, a cuio pé corría un foso do que quedan aínda grandes vestixios.

Pol-a parte central de iste recinto, i-en direizón aprosimada do leste ó oeste, vai outra muralla, feita asimesmo de cachote, que o atravesa facendo unha curva, en toda a súa estensión.

A muralla exterior apoiase ás veces nas irtas penedías do monte que lle serven ó xeito de fortes torres.

MENSURAS.—Mede:

Do norte ó sul 163 metros.

Do leste ó oeste 120 metros.

OBSERVAZONS.—O primeiro que compre notar é a forma pouco frecuente de iste castro. O sinxelo eisame da pranta, amostra que a fortificazón ten dúas partes cicais de construción sucesiva. Unha case circular que ocupa por complot o cume do monte, e a outra coadrada e coas esquinas apoiadas en dúas penedías, que se estende cara o norte, baixando un pouco pol-a aba de aquela beira.


Pódese explicar ista forma esceizional do castro de Baínte pol-o desexo dos seus moradores de aproveitar, unha vez construído o primeiro recinto fortificado, as dúas penedías de que denantes falamos, que pol-a súa outura e proisimidade podían render bons servizos a unha tropa sitiadora, namentras que avencelladas entre si por un lenzo e axuntadas con outros dous á fortificazón que supomos primitiva, convertíanse en verdadeiras torres, situadas estratéxicamente en dous ángulos do recinto.

A eisistencia n-iste castro de habitazóns de pedra, é ó noso sentir indubidabel. A grande cantidade de cachotes que se atopan espaxados pol-o seu chan e a forma característica de algúns de iles, amostan, embora os alicerces non afroren á superficie, que houbo alí casas de abondo, que se repartían ó parecer por igual nos dous recintos que deixamos descritos.

O xeito cadrado da parte norte de iste castro, fíxonos matinar no seu aproveitamento serodio pol-as lexións romanas. Foi por elo pol-o que estremamos no posibel, as nosas

observazóns sen que nos fora dado notar ningunha diferenza no sistema construtivo dos dous muros, nin recoller ningún anaco de tégalas, que andan tan vastas nos xacementos posteriores á conquista romana ou romanizados con certa intensidade.

FOLKORE.—Manuel Rodríguez, de 56 anos, veciño do lugar de Pazos, na freguesía de Vilamarín, cóntanos o seguinte:



«Estaba unha moura asoellando ouro no castro cando certou a pasar por alí un home de Baínte, que se quedou a ollar pra tanta riqueza e dixo:

—Ay ¡Se me dera un pouco!

Ó que a moura respondeu:

—Quérelo ós puñados,
ou quérelo ós ferrados.

E o home de Baínte escramou moi pronto:

—Quéroo ós ferrados.

—Pois logo vai aixiña buscal-a medida.

Correu o home cara a casa mais cando voltou ca medida o ouro e a moura xa desapareceran.

E o de Baínte laiábase: Se houbera dito ós puñados, poida ser que arestoras algún ouro fora meu».

—
 Ó pé do castro hai unha fonte que ten sona de acochar un tesouro.

—
 N-unha peneda do castro existe unha pia dos mouros que case de cote ten auga.

BIBLIOGRAFÍA.—Aparez citado iste castro por Vázquez Núñez (Loc., cit., no Castro da Martiñá), por Díaz Sanjurjo, *Los caminos antiguos y el Itinerario n. 18 de Antonino en la provincia de Orense*, B. de la C. de Monumentos de Orense, vol., II n. 37, páxina 222, Marzo - Abril do 1904 e por Anxel del Castillo, *Los Castros Gallegos*. A Cruña 1908, pax., 7, que recolleu os datos de Vázquez Núñez.

Debemos facer constar que istos datos non son por comprobante esaitos, pois iste chorado arqueólogo ourensán falou do notabel «Castro de Baínte, formado por tres parapetos y en cuya cumbre se conservan numerosos vestigios de antiguas construcciones». O erro de Vázquez Núñez, debeu nacer de tomar por sinxel parapeto a escarpa do foso.

(Catalogado por Vicente Risco, Leuter G. Salgado, Arturo Suárez e Florentino L. Cuevillas.)

Número III

CASTRO DE FRAMEÁN OU DE TOLDAVÍA


EMPRAZAMENTO—Na provincia de Ourense, Concello de Vilamarín, Freguesía de Santa Mariña de Orbán.

Costruído n-un pequeno outeiro, desviado 200 metros do lugar de Frameán e 300 da beira esquerda da estrada que vai de Ourense a Lugo e a carón mesmo do mesón de Toldavía.

Albiscanse dende o outo do castro, o val

de Vilamarín, os Chaos de Amoeiro e as fragas onde ten nacemento o río Barbantiño.

DEFENSAS—O castro non ocupa soio o cume do outeiro, como ocorre case de cote, se non que a totalidade de il foi utilizada pra fins defensivos, debido indudalmente á súa cativa outura. A circunstancia de existir no remate do monticelo unha esgrevia penedía, impediu que os construtores aplainasen o cume en toda a súa extensión, cinguíndose a formar na veira do oeste, ceibe de penedos, unha ó modo de terraza de 32 metros de longo.



As abas foron terraplenadas moi pinas, caíndo n-un pendor grande dende unha outura de 18 a 25 metros en col de dous fosos de 5 metros de ancho, fornecidos das súas correspondentes escarpas, que se poden observar aínda na banda do leste e sobor de todo na do sul. No resto da volta istos fosos deberon desaparecer ben ó desmantelarse as fortificacións castrexas, ben esborrallados pol-os traballos agrícolas.

MENSURAS—De xeito ovalado mede iste castro:

Do norte ó sul 80 metros.

Do leste ó oeste 62 id.

OBSERVAZONS—Non se ollan ningún vestixios de construcións de pedra. Na aba do leste, atópase unha cova artificial, escavada no gneis do monte, que ten 4 metros de longo, por 1 de ancho e mais de 1'50 de outo e que se encontra coberta en parte por unha grande laxa. Conécese ista cova no país co nome de *Cova da Moura* ou *Cociña da Moura*.

FOLKLORE—Un veciño de Orbán cuio nome non recollimos danos a referencia seguinte:

«Unha veciña de Framéán tiña, con perdón, seis porcos e todol-os días lle desaparecían sen que a muller soupera por onde lle andaban.

Mais pasou que un día que iba cara a Tol-davía, víunos no castro c-unha moura que lles estaba a dar millo miúdo. A muller brincouse alá n-un instante en procura dos seus animaes e a moura díxolle que se lle daba un de iles, habíalle de manter oito. Mais a muller, que iba que botaba lume, contestoulle que non, e a moura deixoulle que marchara en paz cos seus porcos.

Pasado isto, a veciña de Framéán mandou unha filla, que lle chamaban Teresa, pra o monte cos da vista baixa, mais como non voltaran á casa á hora que adoitaban voltar, a muller saiu a buscar a filla e os animaes e iba berrando:

—Teresiña..... Ai, Teresiña!

E como de unha vez berrara dentro do castro, ouvíu unha voz que saía debaixo da terra e que decía:

—Unha asada e outra cocida.

BIBLIOGRAFÍA—Inédito.


(Catalogado por Vicente Risco, Arturo Noguerol, Arturo Suárez e Florentino L. Cuevillas.)

Número IV

CASTRO DE MUGARIZA

EMPRAZAMENTO—Na provincia de Ou-

rense, Concello da Peroxa, Freguesía de Armental. Ocupa o cume de un outeiro desviado 250 metros da beira dereita da estrada de Ourense a Lugo e que está case a carón do castro de Framéán.



DEFENSAS — Aínda semellándose iste castro ós mais da bisbarra, presenta nas súas defensas, e tendo en conta que o monte onde sealcontra asentado non é moi pino, unha maor flebeza.

Atópase cinguido de un parapeto, ó parecer de terra, de 2 metros de outo, que se alonga n-un cativo terraplén. Pol-a banda do norte óllanse aínda os restos de un foso de 4 metros de ancho.

MENSURAS—De xeito ovalado mede iste castro:

No eixe maor do leste ó oeste . . 103 metros.

No eixe pequeno do norte ó sul. 70 id.

FOLKLORE—Non se acadou ningún.

BIBLIOGRAFÍA—Inédito.

(Catalogado por Vicente Risco, Arturo Noguerol, Arturo Suárez e Florentino L. Cuevillas.)


Número V

CASTRO MORGADAN OU DE MORGADE

EMPRAZAMENTO. — Na Provincia de Lugo, Concello de Carballedo, Freguesía de Morgade. Erguese n-unha montana grandeira, de xeito alongado e de abas dondas, situada na divisoiira do Barbantiño e mais do Bubal. Domíñanse dende ela estesos terreos do concello de Carballedo e as chans de Vilamarín e de Amoeiro.

O pequeno lugar de Castro, pertencente á dita freguesía de Morgade que da na banda do leste e dentro xa da área fortificada.

DEFENSAS. — O castro de Morgade ten dous recintos, que en vez de ser concentricos como sucede en xeneral, afectan unha espezal disposizón, que se dixerá mesmo ô ollalos dende lonxe. (fig 1)



(FIG. 1)

O recinto exterior, que abrangue un perímetro considerabel, está constituído por unha muralla, que asegùn poidemos observar en algúns lugares onde sealcontra meio esborallada, foi construída con cachote de pedra de grá posto en seco. Ô pé de ista muralla, que en certós sitios atingue aínda 20 me-

tros de outura, corre un foso con parapeto, escavado en ocasións na penedía do monte. Ista primeira fortificazón presenta estasas soluzóns de continuidade, espezalmente na banda do leste que é onde se ergue o lugar de Castro.

O recinto interior, está colocado dentro e na extremidade norte do exterior. Achase defendido por unha muralla de costruzón idéntica á denantes descrita, outa de 13'50 metros pol-a parte de dentro e de 15 a 22 pol-a de fora, e arrodeada asimesmo de un foso co seu correspondente parapeto, e que falla soio n-un anaco da banda do leste.

Ista defensa dupricase pol-o sul e triplicase pol-o norte, noroeste e norleste, onde a muralla e o foso mais externos, divídese e revirase ata deixar un pasadelo, entre dous o xeito de bastions, que vai bater no parapeto do segundo foso, podendose observar tamén unha miga mais ô leste dous fortes ergueamentos da mesma muralla. Coidamos que todos istes aicidentes costrutivos debían formar parte da entrada do recinto fortificado, anque non sexa posíbel sen unha escabazón coidadosa determinñar con crareza o verdadeiro papel que desempeñaban. Os outros portelos que se ollan na pranta adxunta estimámoslos como cousa posterior á costruzón do castro e feitos pol-os labregos para dar paso ôs seus carros. Un de iles, o que aparece no sul do recinto interior, foi praiticado hai pouco pra facer doado o carreto de pedras labradas, que como logo imos ver abundan alí de maneira extraordinaria.

Na chá que queda entre os dous recintos e pol-a banda do oeste corre unha outa muralla cuío destiño non podemos precisar.

MENSURAS. — O recinto interior que é de forma oval mede:

No eixe maior do leste o oeste . . . 73 metros

No eixe pequeno do norte o sul . . . 57 metros

A distancia entre o recinto exterior e a muralla do interior é:

Do sul o norte 308 metros.

OBSERVAZÓNS. — No recinto interior apareceu, xa vai pra seis anos, atuada a poucos centímetros de fondura unha caixa cadrada, de uns 60 centímetros de lado, feita con pedras pequenas de forma reitangular e

ben labradas, e coberta por unha lousiña, que presentaba gravurado un sino esteliforme. Continúa ista caixa moitas cinzas e unha vasixa de barro que levou o Sr. Abade das Lamas da Aguada e que nós non poidemos ollar.

A descuberta de ista vasixa, puxo a un veciño de Morgade, chamado O Gaiteiro na pista de un tesouro, que precurou afincadamente cavando ca axuda de varios xornaleiros perto do sitio onde aquela se atopara. Resultado de istes traballos foi o achadego de dúas ou tres casarellas, ó parecer reitangulares, e cas paredes feitas con pedras pequeneiras, de coidada labra e ben escadradadas, que formaban paramentos de certa regularidade e moi difrentes dos que adoitan asoellarse n-outras citanias. Istas pedras tivemos ocasión de ollalas ciscadas á fartura no chan e facendo os valados, que pra separar os eidos, erguense no interior do castro.

Productos tamén das ditas escavazóns, son probabelmente, difrentes anacos de muíños de mán, dúas prisons do gando (fig. 2) e unha regular cantidade de testos que asegún testimoio de un dos espoliadores, tiñan riscados circos e ringlas de SSS.

No Museu Arqueolóxico de Ourense alcontrase depositada unha *moa manuaría* recollida no Morgade.

É dino de ser notado que a pesar do remeximento de terras non ollaramos en ningures nin unha soia tégula e asimesmo o feito de que a estesa área comprendida entre os dous recintos estea por complotado inzada de pedras que pol-o seu feitío amosan proceder de casarellas esborralladas.

Pódese tirar de todo o dito que o castro de Morgade foi en tempos unha citania, probabelmente non romanizada, que compre cr-

sificar pol-as súas dimensións entre as meirandes da Galiza.

FOLK-LORE. — Referíndose á grandeza de iste castro e a fartura de construcións análogas que existen perto de il, dise:

Castro Morgadán

Ten vintecinco a súa man

Soio o da Madanela

Lle da pol-a barbadela.

«Entre o castro de Morgade e o de Santa Adega hai tres trabes, unha de ouro, outra de prata e outra de alquitran, que está no meio das dúas. O que lle toque a ista derradeira morre abrasado».

Denantes de cavar en procura do tesouro, os veciños de Castro, consultaron o parecer de varias *sabias*. Non coñecemos a totalidade dos seus dictamens, e soio dous nos foron referidos. Todas as consultadas estiveron así e todo conformes na existencia de un grande haber, mais discreparon nos procedimentos que habería que por en práctica pra acadalo.

As dúas respostas por nós coñecidas son as seguintes: —

Unha sabia de Alban, Peroxa dixo.


«No Castro de Morgade hai un grande tesouro, mais non se poderá dar co il se non se desencanta a unha moura coxa que alí vive».

E outra sabia de Torbeo, Quiroga ditaminou:

«O tesouro do Castro de Morgade é unha trabe de ouro, mais non se poderá atopar se non se desencanta primeiro a unha cobra que vive n-il.

Pra desencantala hai que levar un crego que bote os esorcismos e despois cavar deica atopar a cobra, i-en canto apareza compre bicala na testa co coal o encanto quedará rematado».

«Un home chamado o Calote de Casares, era o encargado de andar pedindo pra Irmandade da Virxe de Carballado e nas súas



(FIG. 2)

xeiras, que facía sempre de a cabalo chegaba ata Portugal. De unha vez, estando a botar unha pouca n-unha taberna de aquíl país entrou en conversa con dous señores que lle preguntaron de onde era il. Respodeulle que do concello de Carballedo, na provincia de Lugo i-entón os señores dixeronlle se sabía do Castro de Morgade e como il respondera que sí, escramaron. Val mais ise castro que toda a Europa e soio na entrada hai dous xigantes de ouro de nove pés de outo».

«Un soldado do país que estivo recentemente prisoeiro dos rifeños e voltou contando que un de iles ô saber que era de perto do Castro de Morgade habíalle dito:

De lo mucho que hay allí me contentaba yo con la silla del Rey Moro.

Debemos ista colleita folklórica en parte ô noso ilustrado amigo Arturo Suárez i-en parte ô Gaiteiro, escavador desafortunado do castro.

BIBLIOGRAFÍA. — Citado por Vázquez Núñez e Castillo en locs., cit., no Castro da Martiñá e Bainte.

(Catalogado por Sebastián González García-Paz e por F. L. Cuevillas.)

Número VI

CASTRO DE MARCELLE OU CASTRIÑO DE ORBÁN

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de Ourense, Concello de Vilamarín, Freguesía de Santa Mariña de Orbán.

Ocupa un outeiro de cota cativa, coberto por un piñeiral e afastado uns 300 metros do lugar de Marcelle.


DEFENSAS. — O único recinto de iste castro, alcóntrase arrodeado por un valado probablemente de pedra, mais que hoxe está por compreto coberto de terra, outo de 2 a 3 metros e ancho de 4, do que sai cara abaixo un terraprán, formado pol-a propia aba do monte e que ten 7 metros de outo en toda a volta, agás na banda que mira ô leste, onde chega a atinguir 30 metros.

Ô pé de il vai un foso de 1'50 metros de

ancho e c-unha fondura de 2 e despois outro novo foso de 2 metros con 3 de fondura, fornecidos ambos dos seus parapetos que sobresain do chan uns 3 metros.

Istas duas defensas fallan na banda do leste, xa por no ter esistido outrora n-aquíl lugar, que pol-o ergueito das abas e forte de seu, xa por terse aplainado alí o terreo.

O recinto cinguido pol-o valado, está como case de cote achairado de intento e presenta unha pranta case reitangular cos recantos arredondados.



Non se ollan por ningures indicazóns de portas, notándose soio algúns pequenos portelos que non chegan a fender totalmente o valado.

MENSURAS. — Mede aquíl recinto no Lado maior do norte ô sul . . . 75 metros. Lado pequeno do leste ô oeste . 58 id.

OBSERVAZÓNS. — Iste castro como o de Frameán presenta a particularidade de ocupar non soio o cume se non todo o outeiro, cuí as abas é moi posíbel que foran terraprenadas pra facelas mais pinas e cicais revestidas en parte de un muro pra conter as terras.

Non ollamos, nin cachotes, nin tégulas, nin restos cerámicos, mais compre advertir

a iste respeito que toda a área castrexa al-
cóntrase coberta por un mesto piñeiral e por
unha vizosa vexetazón de toxos e carpazas.

FOLKLORE.—Fálanos unha vella da fre-
guesía de Orbán cuio nome non recollimos:

«Había n-iste castro dúas mozas que iban
a total-as feiras que o día 6 de cada mes
houbo en tempos en Orbán. Eran moi buni-
tas e iban sempre moi ben vestidas, soio
que o coiro dos brazos, víaselle todo e aínda
algo mais, e levaban encolagados cada unha
a súa carabeliña, de modo e maneira que os
mozos ó velas tan xeitosas andaban tolos
por elas e os mais arriscados atrevíanse a
acompañalas, mais ó chegar ó sitio chamado
o Salgueiriño, que está perto do castro, as
mozas desaparecían sen se saber como e os
acompañantes quedaban ca boca aberta.

«Un día chegou a feira do día 6 en Orbán
un señor, e mercoulle unha xugada de bois
a un home de Carballedo encargándolle moi-
to que lle termara de ela namentras il go-
bernaba na feira outros asuntos que tiña que
gobernar.

O de Carballedo estivo tendo tino dos bois
e o señor diu moitas voltas pol-a feira enriba
e abaixo, mais como se fixera tarde o home
pediulle ó señor que o despachara aixiña
porque xa emprinciaba a empardecer. Pa-
gou o señor a xugada e ó saber que o ven-
dedor era de Carballedo díxolle que xa que
levaban o mesmo camiño podía axudarlle
a tragner os bois.

Foron xuntos un anaco e ó chegar ó Sal-
gueiriño o señor petou co pé no chao que se
abreu de supeto. Entraron todos pol-o bura-
to e diron en andar por debaixo da terra ata
que de pronto o señor díulle un rempuxón
ó home e díxolle.

Quédate ahí n-isa esquina.

Dende ela e ben agachado viu como saían
aquelas dúas mozas (sen dubida as do rela-
to anterior) cos brazos recachados e cada
unha co seu coitelo na man. Coidou o home
que a súa fin era chegada mais as mozas
saltaron n-un dos bois e deseguida o mata-
ron. E despois unha de elas deu en cheirar
e díxolle ó pai.

Chéirame a carne de *cristianillo* vivo.

Ó que o pai respondeu.

Non miña filla que é a pan cocido.

E pra o outro día, a saída do sol seica sol-
taron o de Carballedo sen lle facer nada de
novo».

Asegún outra versión o conto ten iste
outro remate.

Unha vez baixo da terra o señor dícelle
ó home que se estea quedo e meteo n-unha
habitazón moi ben posta e moi luxosa. Os
que cheiran a carne de *cristianillo* son os
outros mouros e o que foi a feira dilles que
quen cheira e il por ter andado entre cris-
tiáns todo o día.

O castro de Marcelle é obra de mouros
que tiñan n-il unha aira.


BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Arturo Suárez, Arturo
Noguerol, Vicente Risco e Florentino L.
Cuevillas.)

Número VII

CASTRO DAS FONTELAS

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de
Ourense, Concello da Peroxa, Freguesía de



Armental. Ocupa un outeiro arboreado de
piñeiros a 350 metros do lugar das Fontelas.

Albíscase dende il a mesma paisaxe que dende o castro de Mugariza, dexergándose soio de mais perto o val do Miño e as terras do concello de Coles.

DEFENSAS.—A prataforma que remata o outeiro está toda ela aplainada de intento e arrodeada por un valado, ó parecer de terra, de 2 a 3 metros de outo. Por baixo de il seguen as abas terraprenadas do outeiro que teñen 14 metros de outura e xa en sitio chan abrese un foso de 6 metros de ancho e con parapeto, aberto en parte na pene da viva e que falla soio na banda do sul.

MENSURAS.—De xeito ovalado mede:

Eixe maior do leste o oeste. 123 metros.

Eixe pequeno do norte o sul. 91 metros.

OBSERVAZONS.—É iste castro do mesmo tipo que os de Frameán e Marcelle, é decir que ocupa totalmente un outeiro, e presenta tamén dúas particularidades ben notabels. É a primeira unha concavidade na banda do norte do terraprán e a segunda un burato feito no eixe do óvalo e no lonxe do parapeto e que afecta unha forma hemiesférica. Ten 27 metros de diámetro e 5 de fondura e conecese no país co nome do Castro Redondo. Encol da destinanza de iste burato soio nos atrevemos a arriscar se cicais serviría de reservoiro de auga pra o caso de un asedio.

En toda a área castrexa non óllamos nin vestixios de edificazóns nin siñaes de portas.

FOLKLORE.—Dende o castro das Fontelas deica o río da Barra, hai un camiño que vai por baixo de terra e pasa por unha nabeira que se estende entre o castro e o lugar. O sitio por onde pasa o tal camiño soterrado marcáse n-unha faixa da nabeira onde o froito non se da ben.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Arturo Suárez, Vicente Risco, Arturo Noguero e Florentino L. Cuevillas).

Número VIII



CASTRO DE SANTA ADEGA

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Vilamarín, freguesía de San Vicente de Reádegos, a man direita da

estrada que vai de Ourense a Lugo. Ocupa o cume de un outeiro emprazado na divisoi-ra de augas entre o Miño e o Barbantiño e case no linde dos concellos da Peroxa e Vilamarín.

Dexérganse dende il a chá do Barbantiño e o val da Peroxa.

DEFENSAS.—Cingue iste castro un parapeto de cinco metros de outo que se alonga cara afora n-un terraprán de doce correndo ó seu pé un foso provisto de escarpa e contra escarpa de oito metros de outura. Iste foso na banda do Oeste afástase do terraplén



ata formar un o xeito de antecastro de vinteoito metros de ancho.

MENSURAS.—Mede o recinto central:

Do norte ó sul 78 metros.

Do leste ó oeste 75 metros.

OBSERVAZONS.—Nos aterros do foso aprécianse pol a parte do leste e do oeste dúas soluzóns de continuidade que non presentan o reviramento característico das portas castrexas, sendo moi probabel que foran feitas modernamente pra servizo dos labregos que van o sitio apanhar batume.

No meio do recinto principal e perto de unhas penedías que o coroan óllanse os restos de unha antiga capela esborrallada que

debeu estar adicada á Santa epónima do monte.

Non poidemos ollar en ningures pedras labradas nin ningún vestixio de habitazón permanente.

FOLKLORE.—«O Castro todo está choco por que os mouros téñeno minado por dentro, e nas minas gardan moitismo ouro.»

* * *

De unha vez un vello pasou c-unha xugada de bois perto do castro e os mouros, que andaban fora mercáronlle o gado que levaba, mais ô ilo meter e cando il xa estaba baixo terra, ouvíu a un mouro vello que decía, *Me huele a carne de cristianillo* ô mesmo tempo que cheiraba por todas partes. O home co-aquelo pasou un grande medo, mais por cabo non lle fixeron mal e pagáronlle moi ben a xugada.

* * *

Entre Santa Adega e o Castro de Madanela hai unha trabe de ouro que ten que ser descuberta por roda de carro ou pata de cabra. Tamén dín que hai outra trabe de lume e outra de alquitrán.

* * *

No castro viviu moita mourindade e aínda hoxe se atopan tellaós, muiños e canzorros.

BIBLIOGRAFÍA.—Mencionado por Vázquez Núñez loc. cit.

(Catalogado baixo a direición do sabio mestre D. Manuel Gómez Moreno por Xosé Filgueira Valverde e Florentino L. Cuevillas.)

Número IX



CASTRO DE RÍO

EMPRAZAMENTO.—N-un outeiro de cota flebe que se ergue na marxe esquerda de un dos regatos que dan orixe ô río Barbantiño. Pertenc á freeguesía de San Salvador de

Río, concello de Vilamarín, provincia de Ourense e queda desviado uns 600 metros do lugar de Sestelo e a menos de 3 kilómetros da estrada de Cea a Bustelo.

Ollanse dende il os castros Morgadán, Baínte, Santa Adega e da Martiñá e o farturo val de Vilamarín.

DEFENSAS.—E un castro de feitura sinxela que ostenta unha soia muralla sen foso. Mede de outo ista muralla pol-a parte de fora de 15 metros (bandas do sul e do leste) a 20 e 22 (bandas do oeste e do norte) e pol-a parte de dentro de 7 a 10. O seu ancho máisimo e de 3 metros.



MENSURAS.—Mede o recinto murado:

Do leste ô oeste 89 metros.

Do norte ô sul 82 metros.

OUSERVAZÓNS.—A forma de iste castro sensaírse do tipo corrente na Galiza, presenta unha certatendencia a rectangular, determinada pol-a direitura de algúns lenzos da muralla, mais sen que por ningures se vexan as arestas de xuntanza, características das construcións poligonales. O recinto central debía ser chaira de seu, sendo posíbel que despois do erguemento da cerca quedara

mais aplainado por mor do aproveitamento que pro caso se faría dos penedos e da terra. A depresón que se olla na banda do leste, semella ser producida pol-a esprotazón de unha canteira.

A muralla alcóntrase hoxe por comprobante coberta de terra, mais dexérgase aínda con claridade que estivo feita de cachote pequeno, presentándose esteriormente en forma de aterro e interiormente no xeito de escalóns dos conecidos co nome de socalcos (fig. 1). Foi ista a primeira vegada que ollamos tal modalidade construtiva, que pol-o demais debía facer doada a rubida deica o cumio da muralla.




FIG. 1

No lugar sinalado na pranta ca letra *a*, érguese unha morea de terra con moitas pedras pequenas, que ten todo o estilo e feitura de unha mámoa, e que incluso presenta no centro o burato denunzador de antigas espoliazóns. Non-os foi posíbel determinar con seguranza a natureza da tal morea, mais ren tería de estrano que fora en efecto unha mámoa, por ser toda ista bisbarra ben abundosa n-ista crás de enterramentos.

Na banda do suleste aparez cortada a cerca por un portelo de 3 metros de ancho que semella pol-a disposición dos cortes lateraes,

ser cousa posterior a construción do castro e practicada pra deixar paso ós carros que alí van pra cargar os toxos e carpazas que cobren o monte.

Non ollamos por ningures sinaes nidias de casarellas, parecendo pertencer todo o cachote que por alí anda espaxado á muralla que en moitos sitios ten vestixios de haber sido utilizada como unha excelente canteira.

FOLKLORE.—«O castro de Río é obra de mouros e n-il hai atuadas grandes riquezas.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Sebastián González e Florentino L. Cuevillas.)

Número X

CASTRO DA MADANELA

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello e freguesía de Coles. Achase construído n'un outeiro, que se ergue no meio d'unha chá vizosa e ben procurada, e que fica desviado 100 metros do lugar da Madanela e uns 400 da beira direita da estrada que vai de Ourense a Sant-Yago.

A posición dominante de iste outeiro, o seu arredamento de outros cumes mais outos e o pino das suas abas, fanno ben doado pra o emprazamento d'un lugar fortificado.

DEFENSAS.—As obras de mineiría que n'iste castro emprenderon outrora, e ás que logo imos referirnos, deberon derramar en parte as suas defensas, que se non dexergan n'alguns sitios co-a careza que fora de desexar.

Ollase así e todo que é un castro de un soilo recinto, provisto de un terraprán ou aterro que pol-o oeste mede soilo 8 metros d'altor e que pol-o leste chega a ter 40 metros. Presenta iste aterro nas beiras que se carean o norte e oeste e na metade da sua outura, un escalon estreito que fai o modo d'un glacis, e o seu pé corre un foso de 13 a 15 metros d'ancho c'unha escarpa que ten de 3 a 10 metros de outo.

Iste foso atópase partido n'un anaco car'o noroeste onde sen dúbida foi derramado o prantarse un piñeiral e facerse uns valados qu'alí s'erguen, e falla en ausoluto na parte

do Sul onde crêmos que endexamais debeu de ter esistido, por considerar cicais os seus costrutores protexido de abondo o castro por un regato que o arrodea por aquela veira.

Non se ollan en ningures siñas de parapetos, nin tampouco de habitazóns,

MENSURAS.—De xeito case circular mede o recinto:

Do norte ó sul 120 m.

Do leste ó oeste 115 m.

OBSERVAZÓNS.—Fará uns cincoenta anos un portugués establecido n'Ourense, D. Manuel d'Aguiar e Silva, emprendeu no castro da Madanela unha esprotazón de granates que non lle precurou grandes rendementos e que ó cabo de algún tempo quedou abandonada. Fican como vestixios de esta esprotazón unha zanja que atravesa o castro na veira do leste e unha mina de 10 metros de longo que se abre perto de ela. Duas gran-

son na realidade restos das obras menzonadas.

No corte da zanja recollimos entre restos cincos de fogares, algúns anacos de cerámica castrexa, decorado un de iles con círculos concéntricos estampados.

FOLKLORE.—Hai coma de cote a trabe de ouro e a de alquitrán que van aquí dende castro de Santa Adegas o da Madanela e hai a cántiga consinada xa ó falar do castro Morgadán.

Castro Morgadán

Ten vintecinco á sua man.

Soilo o da Madanela

Lle da pol-a barbadela.

O castro da Madanela é moi antiquismo e o tiveron os mouros moito tempo ata que os botaron os cristianos e os mouros están dentro. Unha vez perdeuse unha rapaza que se chamaba Manueliña e a nai pasou perto do castro berrando: «Manueliña, Manueliña» e dentro do castro un mouro contestaba: «Unha cociñada e outra fritida Manueliña está na miña barriga».

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.


(Catalogado por Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino L. Cuevillas).

Número XI


MONTE DO PIÑEIRO

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Cea, perto do lindeiro co de Vilamarín, freguesía de Viña. Posto n-un montiño de cativo altor na veira esquerda da estrada que vai de Ourense a Sant-Yago. Domea parte da bisbarra de meia montana das alcaldías de Cea e Vilamarín.

DEFENSAS.—Non é doado dexergar con esaititude a disposizón das defensas de iste castro moi magoadado pol-os valados de construción moderna e pol-o inzar dos torgos dos piñeiros que case cobren a sua superficie. Ten no curuto un achairado pequeneiro con irtos penedos na estremidade norte e por baixo un aterro que en moitos sitios confun-



des moreas de terra que se observan entre o remate do recinto e a zanja e que pol-a sua posizón poderían confundirse con parapetos,



CONSIDERAZONS ARQUEOLÓXICAS

CANTIDADE DE CASTROS.—En termos xeraes pódese afirmar que os castros galegos, andan mais abondosos nas terras de beiramar e de meia montana, que nas de serra e de ribeira. A bisbarra que agora estudamos, típica de meia montana, non desminte tal afirmazón, e asin atopamos once castros nas terras de trece freguesías, distribuídos do xeito seguinte, un en cada unha das parroquias de Viña, Río, Vales de Oseira, Vilamarín, Coles, Readegos e Morgade e dous nas de Orbán e Armental, aparecendo desprovistas de acrópole somente as de Tamallancos, León, Sobreira e Boimorto. (véx. mapa).

Se como é lóxico consideramos que cada castro servía de centro a unha coledividade política autónoma de certa importancia, teremos que concurir que istas espallábanse de un xeito ben imitante ó das atuais agrupa-

dese coa aba do monte que mede pol-o norte 21 metros, 40 pol-o leste e sul e 51 pol-o oeste. Despois de iste aterro ollase pol-a parte do norte un ó xeito de segundo recinto cinguido por un parapeto de 6 metros de outo que se alonga cara fora n-un novo aterro de 20 metros.

MENSURAS.—O pequeno curuto achairado mede:

Do norte ó sul 22 m.

Do leste ó oeste 14 m.

Iste curuto e de forma ovalada e presenta un estreitamento na veira do suleste.

O segundo recinto que se olla por riba da estrada mede 15 metros.

OBSERVAZÓNS.—Non pudemos facer ningunha de intrés.

FOLKLORE.—Un homiño xa vellote a quen preguntamos dixonos somentes que había alí unha grande mina de ouro.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Leuter G. Salgado, A. Amoeiro, Vicente Risco e Florentino L. Cuevillas).

zóns parroquiales e que a poboazón de ista bisbarra non debía ser nos tempos anteriores á conquista romana moi inferior, numericamente, á poboazón do día de oxe.

Esprica doadamente iste feito a vizosidade e lentura do val, case chairro percorrido por moitos regatos e abondoso en prados e lameiros naturais, capaces de dar mantenza a cantidades considerabels de gado, circunstancias que infruían na escolla de habitats en xentes de agricultura rudimentar coma eran asegún se tira da «Xeográfica» (1) os galegos protohistóricos.

EMPRAZAMENTOS.—Non hai en toda a terra obxecto de ista catalogazón, ningún castro que estea emprazado na chá nin nas abas de un monte, coma algúns de que fala Castillo na sua soada monografía (2). Todos

(1) III, III, 5 e 7.


(2) Los castros gallegos, A Cruña 1908, páx., 6.

están par contra postos en outeiros, que coma din os nosos peisanos, teñen as catro augas, e dicir que presentan vertentes acusadas á todol-os ventos e que non se alcontran domeados de perto por outro cume.

Seguindo ista regra, érguense os recintos castrexos, ou nas divisoiras de augas, ou nas estribazóns de un macizo montesío ou ben en pequenos monticelos penedentos; posibels outeiros, testigos de unha antiquísima erosión. No primeiro caso alcontráanse os castros da Madanela, Santa Adega, Fontelas e Mugariza, postos na ringla de cumiadas que

pinas, soio se protexeu unha área mais ou menos estesa ó redor do cume, namentras que n-aquiles outros que se puxeron n-un outeiro de cota flebe, abrangueuse todo il con fosos e valos. No primeiro caso están, Martiñá, Bainte, Morgade, Mugariza e Santa Adega e no segundo, Río, Frameán, Fontelas, Marcelle, Madanela e Piñeiro.

Na posizón relativa de istes recintos non se dexerga por ningures a traza de un sistema coordinado de defensa da bisbarra. As fortificazóns erguense por vegadas en lugares verdadeiramente estratéxicos pra tal



que mira xa pr'a rexión de cotos do val do Miño; o de Morgade que se ergue na divisoiras do Barbañiño e do Búbal e o da Martiñá, na de aquil río co Arenteiro. Eise mpro de castro emprazado n-un estribo montesío é o de Bainte, asentado n-un contraforte da Martiñá, i-entre os do terceiro tipo están os de Marcelle, Frameán, Río e Piñeiro.

A cota do lugar de emprazamento condizou de maneira indubidabel a forma da construción; observándose de cote que nos castros estabrecidos en montes outos e de abas

finalidade coma acontez con Morgade, Santa Adega e Martiñá, encurutados en montes que domean as entradas do val, mais outras veces agreanse tres n-unhas superficie de menos de un kilómetro cadrado (Frameán, Mugariza e Marcelle) ou espallándose amostan nidiamente que cada grupo castrexo procedía con ceibe autonomía coidado no da súa propia defensa e que si algún vencello os axuntaba non era rexo de abondo pra combinar os seus esforzos pra un fin común.

FEITURA E GRANDOR.—Caracterízase o releve galego pol-a acusada dondura dos seus montes, ben traballados pol-a erosión dende o tempo dos erguementos variscos. Semellante dondura soio se creba, preto dos grandes ríos, cuíos vales anováronse nos fins do terciario ó acontecer os afundimentos das Rías Baixas, provocando a formazón dos paisaxes de cotos irtos que bordean principalmente as ribeiras do Miño e do Sil. Mais a terra que nos ocupa non queda abranguida en ningunha de istas zonas e presenta de cote os lombos arredondados dos vellos penicháns. A iste arredondamento dos montes, corresponde a feitura dos castros que son sempre máis ou menos irregularmente ovalados. Se as murallas e os fosos, esténdense por vegadas, en liñas reitas ou case reitas (algúns anacos das cercas de Morgade, Marcelle e Río) é por que o xeito do emprazamento asin o eixe, máis en ningures se olla unha xuntanza angular de dous lenzos de cerca ou de dous fosos. A liña de fortificación adaptase sinxelamente ó perfil do monte, aproveita se pode as penedías que afroran o chan e procura tirar de il o maior proveito co menor esforzo. Unha xuntanza angular entre dous muros de cachote pequeno, habería de facerse con pedras grandes, algo escadradas e trabadas entre si con solidez, cousas todas que estaban fora dos medios dos construtores dos nosos castros, que se limitaron a engader obstáculos artificiais á un lugar forte de seu, mais sin tratar de edificar algo distinto ó sitio do emprazamento. Fundamentalmente diferente de un castelo que pode existir fora do cume onde se pousou pra domear, o castro é inseparable do monte, porque é o monte mesmo que n-unha época de loitas vestiu as armas do guerreiro.

A extensión das áreas fortificadas é pol-o xeral de 80 X 55 a 100 X 75 metros debéndose sinalar tan só o grandor estraordinario do Morgadán, que ten 365 metros no seu eixe maior, e tamén o considerabel do de Baínte (163 X 120 metros) e a catividade do de Piñeiro cuíu recinto central mede 22 X 14 metros.

Non é doado botar cálculos en col da pozoazón que cada un de istes recintos podería

acochar tras dos seus muros, pois n-aquiles en que non existen restos de habitazóns permanentes, é de crer que as xentes non fixeron outra cousa que acampar en caso de perigo, e coma observa atinadamente Castillo (1) acampar non é o mesmo que vivir. Chama de todos xeitos a atención a diferenza que existe entre a manitude do Morgadán e de calquera dos outros castros que se lle aveciñan, e compre preguntarse admitindo a súa contemporaneidade, se as coleditidás de Río, Marcelle ou Frameán, poderían susistir o pé da potente fortaleza de Morgade sen estar con respecto á ela n-unha situación de alianza ou de clientela.

Nos epígrafes latinos da nosa terra aparece o castro, *castello*, como parte de unha agrupación máis estesa, a *civitate* (*Castello Berensi*; nos *Límicos* (1); *Calubriga*, nos *Giguros*) (2). Non se pode precisar deica onde chegaban as ligaduras que mantiñan os *castellos* dentro das *civitates* e aínda denantes observamos que tales ligaduras non debían coutar moito a autonomía de cada coleditidade constitutiva, mais a presenza de verdadeiras vilas fortes que xurden no meio de pequenos castros, fai matinar se non serían aquelas as cabezas das *civitates* e as presidentas das confederacións aludidas.

DEFENSAS.—Os tres elementos que se manexaron de cote pra defensa dos castros de Vilamarín, foron os terraprens, os valos ou parapetos e os fosos, mais istes elementos multiplicáronse ou sinxelizáronse, según a importancia e o número dos recintos.

A falla de traballos esporádicos non consiente que dexerguemos con esaititude n-unha custión intresante; na de saber se total-as áreas fortificadas alcontrabáanse cinguidas por obras de pedreiros, ou se algunhas estaban só protexidas por terraprens ispidos e por parapetos de terra, debendo advertirse pro caso, que resulta moi arriscado o dictaminar n-iste asunto, sen máis datos que os que fornece unha proinspección dos xacimentos, pois máis de unha vegada temos alcon-

(1) Loc. cit., páx., 12.

(2) C. I. L. 5.353.

(3) C. I. L. 2.610.

trado ô escavar, terraprens sostidos por fortes muros, en lugares que non acusaban esteriormente a súa existencia.

De todos xeitos, temos dende logo catro castros, os da Martiñá, Baiñte, Morgade e Río que aínda no seu aítual estado de ruína descobren con crareza o segredo da súa estrutura.

O de feito máis sinxelo é o da Martiñá, arrodeado de unha pequena muradela de pedra que non debía erguerse moito máis de un metro en col do terreo.

Mais com preto aparécenos o de Baiñte, cuio valo interior é do mesmo xeito que o denantes descrito, mais que ten en troques o esterior precedido de terrapren e foso.

No castro de Río, no que o monticelo foi inteiramente aproveitado, o recinto debeu estar apreixado n-un cinto de pedra que por adentro, ofrecía o curioso aspecto de socalcos de que xa fixemos menzón.


Mais ondealcontramos o caso de maor desenvolvemento da arquitectura castrexa e no Morgadán. Ollase n-il o cume terminal ben aplainado e ô seu redor un groso muro que atingue, aínda agora, unha outura de vintedous metros. Ollanse n-il vestixios de tres fosos que precedían â anterior defensa e por derradeiro tropezase ca muralla do re-

que é o aparello escrusivamente empregado n-ista crás de construzóns protohistóricas.

Nos outros castros catalogados, os elementos defensivos son os mesmos e destribuense en cada caso na forma que atrás dixemos, mais resulta imposíbel determiñar con seguranza se os valos son de pedra ou soio de terra e se os terraprens están amparados por un muro de sostén, ou feitos c-un sinxelo corte vertical sen ningún amparo nin sosteñimento. Coidamos que ista derradeira feitura había ser a menos frecuente, anque debamos advertir que no castro da Madanela, que aparece na banda do leste completamente tronzado por unha zanxa moi fonda, non poidemos albiscar por ningures o menor vestixio de obra de pedreiros.

Dos once castros de ista bisbarra, oito son de un soio recinto e tres; os de Baiñte, Morgade e Santa Adega presentan dous, mais non na forma concéntrica, frecuente n-outros lugares, se non no xeito típico de antecastro, que se caracteriza por aparecer o recinto interior ocupando un dos cabos da área murada, cumprindo destacar pol-a súa singularidade a espezal disposizón bipartida do castro de Baiñte.

Outro feito dino de ser notado é que as defensas da case totalidás dos recintos castrexos que nos ocupan, alcóntranse interrompidas ou escesivamente esborralladas en toda ou en parte da súa volta. Asin nos de Baiñte, Martiñá e Marcelle os parapetos ollanse derrubados, no Morgadán fallan grandes anacos de fosos e o lenzo inteiro da muralla esterior pol-a banda do leste, de que só se dexerga o alicerce, no de Frameán quedan dous anacos dos fosos e no de Mugariza ista defensa pode albicarse únicamente n-un curto espazo. É posíbel que en determinados casos teñan tales anomalías, unha causa orixinaria, debido a terse protexido espezalmente as partes flebes do emprazamento, e ata pode ser que n-algunhas ocasións os traballos agrícolas contribuíran â labourea destrutora, mais coidamos máis seguro o apor o derrubamento de valos e o cegamento de fosos a unha medida de policía, levado a cabo sistemáticamente pol-os conquistadores romanos. Sabemos en feito por



(Fig. 1.)

cinto esterior, provida do seu correspondente foso, aberto por vegadas na grá viva do monte. (fig. 1).

O mesmo as esgrevias murallas de iste castro que as flebes dos outros tres, están feitas con cachote pequeno posto en seco,

Strabón (1) que istes obrigaron ás xentes galegas á abandonar os seus acochos montesíos e á fixarse na chá en aldeias abertas, i-en tales circunstancias non se concibe que deixaran intaitos os centros da resistencia indíxena i-en condicións de ser utilizados novamente.

O valor militar de cada un dos castros do val de Vilamarín é moi diferente según os casos. Os de Bainte e Martiñá teñen a súa principal forteza na súa posición no cume de montes outos e de abas pinas; o de Morgade cos seus muros de tres metros de groso e os seus fosos fondos e anchos, era dende logo un obstáculo serio pra calquer exército que non contara cos modernos medios de destrución, mais os restantes recintos, de área cativa e de defensas e situación relativamente flebes, tiñan que ser de doada espunazón pra os lexionarios romanos, ben disciplinados, peritos no erguemento providos de terraprens de torróns, no manexo de torres de madeira e na táctica do *testudo*.

Débese pol-o tanto afastar toda idea de que istes castros de flebe estrutura foran construídos escrusivamente pra loitar contra a invasión latina, e aínda por contra pódese afirmar que a maioría de iles soio serían eficaces contra unha tropa armada á lixeira con arcos e lanzas. Certo que Lambrica e Cinnania, xogan un papel intresante nas loitas cas lexións de D. Junio Bruto, mais istas cidades estarían seguramente protexidas ó xeito do Morgadán e non ó estilo dos restantes recintos castrexos do val de Vilamarín, feitos pra servir de esceario as pelexas intestinas das coleitividades autónomas mais non pra aturar a poder de Roma.

AS PORTAS.—É iste un dos problemas mais curiosos que prantean os castros que agora estudamos. É corrente que as cidades preromanas da Península, presenten entradas estreitas, flanqueadas ben por un reviramento, ben por un erguemento da muralla onde se abren. Santa Tegra, Termantía e alguns castros de Aliste e Saiago teñen portas de iste tipo e algo semellante atopamos nós, como xa queda dito, no Morgadán e

quizais tamén na Santa Adega, que ten unha soluzón de continuidade no valo exterior, flanqueada por duas abultadas moreas. Nos restantes castros non poidemos dexergar outra cousa que pequenos pasadelos que non chegan a tronzar por comploto os parapetos e que parecen abertos pra servizo de labregos e pegoreiros. Son á iste respecto singularmente instrutivos os castros de Río, que ten un soio pasadelo estreito e tan pouco fondo que abanta por riba do valado sen case encetalo, e o de Mugariza no que se olla o parapeto sen ningunha soluzón de continuidade. E aínda no Morgadán e na Santa Adega as entradas soio dan paso no primeiro a un foso e no segundo o antecastro, quedando o recinto interior completamente arrodeado pol-o terrapren e pol-o valo que se ollan oxe inteirizos.

E unha vez asentados istes feitos e tendo en conta que os castros eran lugares de acocho pra homes e gados, compre preguntarse como a indispensable comunicazón co exterior achábase establecida. Hai que desbotar en primeiro termo como desprovidas de valor real, as consellas relativas á camiños soterráneos que van parar a tal regato ou á tal cova e deixar limitadas a dúas totalas hipótesis. Unha a de esistencia de portas tan estreitas que quedaron por comploto cobertas ó esborcallarse á meias os muros onde se abrían, e a outra o tendido de pontes de madeira, dispostos en rampa e sostidos por pés dereitos, que serían retirados ou destruídos en caso de ataque. Dos dous supostos o primeiro parécenos o mais probable, xa que a apertura de un portelo, doado de atrancar con pedras ou con trabes, en ren podía perxudicar a seguridade da fortificación e aforraba o traballo de erguer unha ponte de madeira que dada a outura de algunhas murallas había ter necesariamente grande estensión e desenrolo.

O ABASTECIMENTO DE AUGAS.—A pesar de sere ista bisbarra de Vilamarín moi abundosa en pequenas correntes de auga, de todo os castros catalogados, soio un, o da Madanela, alcóntrase emprazado perto de un pequeno regato, mais non tan

(1) Xeografía, III, III, 5.

perto que non poidera ser eficazmente estorbada a súa utilizazón por unha tropa sitiadora.

Mais n-unha terra de forte pluviosidade e de camadas permeabels pouco fondas como e a terra galega, doadamente atópase auga abrindo puzos ou praiticando un cativo escavón de mina. Coidamos pol-o tanto que dentro do recinto de cada castro debían existir un ou varios manantiás de iste xeito, que agora están cegados ou estiñados. En axuda de tal suposto veñen as fontes que temos alcontrado en estazóns análogas de outras bisbarras, o puzo que descubrimos na citanía de San Cibrau das Lás (1) e o aparecido na citanía miñota de Briteiros.

Como xa indicamos a pozanca que se olla aínda nas Fontelas e case seguro que serviría a un tempo mesmo de manantial e de alxibe.

AS HABITAZÓNS. -- Dos once castros enumerados, os mais grandeiros, os de Baínte e Morgade, entran pleamente na categoría de citanías, por estar inzados de alicerces de casarellas e de cachotes pertencentes á elas. Nos demais recintos non ollamos ningún sinal de edificios de pedra e aínda na zanza aberta na Madanela, dexergamos craramente á unha fondura de oitenta centímetros as camadas cinzentas dos fogares que quizais se alcenderían outrora dentro de sinxelas cabanas de colmo.

Temos pol-o tanto ben representados na terra de Vilamarín os dous tipos de habitat protohistórico galego, o de castro propiamente dito pequeno e faltoso de casarellas de pedra, e o da citanía verdadeira cibdade murada, de cote meirande que o castro e de cote tamén inzada de alicerces.

Se istes dous xeitos tipolóxicos sinalan no val outo do Barbantiño, momentos simultáneos ou sucesivos de un desenvolvemento cultural non-o sabemos e non sabemos tampouco se a citanía formouse pol-o desenrolo de unha coledividade mais numerosa e rica que as outras ou se naceu por fundirse no

seu seo varios grupos castrexos. As causas e traietoria de iste urbanismo embrionario son pra nos un misteiro mais, entre os moitos misteiros dos orixens protohistóricos da Galiza.

OS OBXETOS ASOELLADOS. -- Redúcense ás poucas cerámicas recollidas na Madanela e os muiños de man e as prisóns de gado alcontradas no Morgadán, pertencente todo elo á nosa cultura posthallstattica. É dino de nota o feito negativo de non terse ollado por ningures tégulas nin imbrices, moi abondosas sempre, aínda na superfiçe, dos castros romanizados con algunha intensidade.

A VECIÑANZA CON OUTROS XACIMENTOS ARQUEOLÓXICOS. -- Concordando co feito denantes menzoado non sabemos que no val de Vilamarín teña aparecido ningunha lápida nin resto romano de outra crás. En troques Arturo Vazquez Núñez ô dar conta (1) das esporazóns levadas á cabo nos anos de 1889 e 1900 pol-a inxenheiro Díaz Sanxurxo, ocúpase da fartura de mámoas esistentes en toda ista bisbarra e na terra veciña de Carballiño e di: «Comprende el territorio estudiado un vasto polígono de unos 90 kilómetros cuadrados, enclavado en los Ayuntamientos de Cea y Villamarín, y circunscrito por los castros de San Facundo, Covas, Martiñá, Baínte (Porto Amieiro), Morgade y Santa Agueda.» E mais adiante engade: «Dentro del perímetro ya descrito ha visto el Sr. Sanjurjo unas sesenta mámoas situadas diez en Orbán, siete en Ardesende, tres en San Facundo, ocho cerca de Carballiño, veintitrés entre Porto Amieiro y Ardesende, dos en Covas y siete en Vilar. El grupo principal está esparcido por la meseta donde tiene su origen el río Barbantiño».

Como se ve istes grupos de mámoas, quedan case que todos iles dentro da bisbarra obxeto do noso estudo, cumprindo exceptuar samente os situados en Ardesende, Covas, San Facundo e Carballiño. A súa situazón, que aparez sinalada no mapa que acompaña istes comentarios, alcóntrase entre os cas-

(1) F. L. Cuevillas. A citanía do monte A. Cidade en San Cibrau das Lás, *Boletín de la R. A. Gallega*, números 193 e 194, 1927.

(1) Lás mámoas, *B. de la C. de M. de Orense*, volume I, número 20, 1902.

tros de Martiñá e de Baínte por unha banda i-entre os de Morgade, Marcelle, Framean e Mugariza pol-a outra, e decir na parte mais montesía e menos remexida pol-os cultivos de todo val.

Desgrazadamente as resultanzas das es-
prorazóns do Sr. Sanxurxo foron publicadas
con detalle soio n-unha mínima parte e a case
totalidade dos moblarios por il recollidos en
Vilamarín, Cea, Carballiño e tamén en Pin-
gos (Lugo) ingresou no Museu da C. de M. de
Ourense sen que o seu descubridor tivera ti-
no de sinalar con precisión o xacemento de
cada obxeto, por cuíia causa figuran na sua
maoría nas vitrinas de aquíl Museu baixo o
rótulo «Objetos procedentes de mámoas, de
Vilamarín, Pingos ou Cea.»

N-outra ocasión tratamos por meio de in-
quéritos persoales de pôr en craro iste asun-
to mais soio conseguimos averiguar que ca-
se total-as sepulturas rexistradas tiñan res-
tos de cámara dolménica (1) e aínda despois
de unha afincada rebusca na seizon de «No-
ticias» do *Boletín de la C. de M. de Orense*,
(2) chegamos á poder atribuir ás mámoas
do val de Vilamarín o seguinte material: tres
machados-cinceles de xeito fusiforme, feitos
en pedra esquistosa moura e moi ben poli-
dos; dous machados de pedra polida, algun-
has facas de pederneira e duas ou tres pun-

tas de saxeta de base convexa e coidado-
samente retocadas e algúns anacos de cerá-
mica lisa, sendo asimesmo case seguro que
pertenza ôs ditos xacementos unha pulseira
de arqueiro de esquisto cincento e con catro
buratos pra amarrala no puño.

O conxunto de iste material crasificase
doadamente no neolítico galego, contempo-
ráneo dos albores do eneolítico do centro e
sul de Portugal e dos poboados e necropoles
xa con cobre da provincia de Almería.

Ista veciñanza dos castros e dos túmulos
dolménicos dase moitas vegadas na Galiza e
fala á prol de un rexo axuntamento das co-
leitividades indixenas cos mesmos lugares de
habitazón, prolongada durante decenas de
séculos, e amosra que a invasión céltiga non
maquiou dos seus asentos os pobos mais an-
tigos que poboaban a bisbarra.

Craro está que entre o neolítico das má-
moas e o posthallstattico dos castros queda
valeiro de achádegos o período do Bronce,
mais a forma de acobrillos en que se atopan
os obxetos que n-il se crasifican e o comer-
zo que con tales utieis metálicos fixeron den-
de antigo as xentes que os alcontraban, fai
probabel que a sua existencia teña pasado fo-
ra do alcance da teima rexistradora dos ve-
llos eruditos e dos modernos arqueólogos.

CONSIDERAZONS FOLKLORICAS

As leendas localizadas nos castros consti-
tuíen un dos capítulos mais importantes do
noso folk-lore. O teren un soporte material
fai que señan mais persistentes que outras,
e a gran abastanza de fortificazós e pobo-
dos prehistóricos que s'atopan na nosa terra
e o feito de os peisanos asimilaren a íles
moitas vegadas os penedos de feitío estrano
ou as obras modernas, coma castelos, eire-
xas, fontes, etc., ten dado a certos temas un
notable espallamento. Iremos vendo os pun-

tos mais importantes que atopamos no folk-
lore castexo do val de Vilamarín.

OS HABITADORES DOS CASTROS.—
Son eiquí escrusivamente os *mouros*, os qua-
les aparecen mencionados termiñantemente
en nove dos once castros catalogados con
esceizón dos das Fontelas e Piñeiro, dos que
pol-o demais hai pouco recolleitado. En sete
d'íles, ademais, aparecen os mouros vivindo
aínda. No Morgadán fálase de mouras *en-
cantadas*. No da Martiñá fálase d'íles con
carauter histórico: estiveron n-il 200 anos.

En realidade, un ensame atento logo des-
cobre en cada caso circunstancias que veñen
revelare a interferenza da *leenda histórica*
que atribuí a fundazón do moimento ôs mou-

(1) F. L. Cuevillas. Nota encol do mobiliario de algunhas
mámoas galegas depositado no Museu de Ourense. *B. de la*
R. A. Gallega, número 176, 1925.

(2) Véxanse, vol., II, número 46, 1905; vol., III, número 5,
páx., 54, 1905.

ros, e a *leenda mítica* dos habitantes encantados do lugar.

À primeira forma de leenda, responden: a aira que *tiñan* os mouros no Castro de Marcelle; a silla do Rei Mouro do Morgadán; a pia dos mouros do de Baínte; e probablemente, o camiño por baixo de terra do das Fontelas e o tesouro do do Piñeiro. Efectivamente, embora non ben acrarado iste punto, semella pol-o ton especial con que se refiren estes contos, que estas cousas son restos abandonados pol-os antigos habitantes que agora xa non están no sitio.

Por outra banda, nos tres primeiros casos, aparecen o mesmo tempo: no de Marcelle, unha familia que vive suterraneamente, e surte ás veces pra iren á feira; no Morgadán, unha moura coxa encantada; no de Baínte, unha que sai a asoellar o ouro.

As leendas non difrenzan os mouros *históricos* (non os realmente históricos, senón os que se presentan como históricos), dos mouros *encantados*. No noso traballo: *Da mitoloxía popular galega, Os mouros encantados*, publicado nos números 43 e 45 de NÓS, pódese ver como os mouros históricos viñéronse pór no canto das verdadeiras poboacións prehistóricas da Galiza, verificándose o que Raul Rosiéres chama *lei das trasposicións*, asegún a qual, esquecido un héroe—que n-iste caso é o pobo dos castros, os celtas—os seus feitos—n-iste caso, o erguemento dos castros—apóñenselle a outro héroe que vive millor na memoria popular—e n-iste caso ise novo héroe son os mouros.

Tocante ós mouros encantados, no mesmo traballo pódense ver os seus paralelos co-as razas míticas das terras europeas: *Elfen, Korrigán, Kobolds, Ogros, Gnomos, Fadas, Xigantes, Enanos, etc.*, e a súa posíbel identificación cos nosos mitos pre-cristiaos. En toda Europa, os deuses e os espíritos desbotados pol-o cristianismo, vanse acochar nos sitios desertos e abandonados, nos bosques, nos penedos, nas ruínas, nos moimentos antigos—ou millor dito, persisten nos seus antigos lugares de culto abandonados dos homes, e toman un carate demoníaco que favorez a súa identificación co-as razas odiadas. Veleiquí fica o sinal de ises deuses ou

espíritos esquencidos, na cobra encantada do Castro de Morgade, e nos xigantes de ouro de nove pés de ouro do mesmo castro.

As leendas non difrenzan os mouros históricos dos mouros encantados; mais o intérprete das leendas ten que distinguir moi ben os ús dos outros: as súas orixes, o noso ver, son diversas. No primeiro caso trátase de unha deformazón histórica; no segundo, de unha lembranza mítica.

OS TESOUROS.—Hai tesouros acochados nos castros de Baínte, Frameán, Morgade, Piñeiro, Santa Adega, Madanela e Río.

As leendas de tesouros andan vastas pol-o mundo. A historia conservounos as dos de Cresos de Lydia, de Osymandias de Exipto, do Templo de Xerusalem, dos Incas do Perú, etc., e a literatura outros moitos, dende os das Mil e Unha Noites, ata o do Conde de Montecristo. Tesouros verdadeiros foron desatuados pol-os arqueólogos: sirvan de eixemplo as tumbas de Mycenae, as croas votivas de Guarrazar, as xoias de Javea, etc.

Así e todo, poucas terras haberá no mundo onde haxa tantas leendas de tesouros como en Asturias, Galiza e Portugal. Da súa importancia certifican a tradición oral, o *Libro de San Cypriano* e o privilexio de Vázquez de Orxas. Sábese que a sona do ouro galego ven xa dos antigos (Posidonio, Strabon, Plinio, Silio Itálico, Xustino). Xustino conservounos a leenda do *Mons Sacer*, todo cheo de ouro. E non é todo discurridura n-estas historias: os romanos sacaron moito ouro de Galiza, e a maors aínda podemos citar os tesouros prehistóricos achados en Melide, a Gudiña, Riotorto, a Recadieira, Castro de Masma, Castro Recousa, e os tantos torques, brazaes e outras pezas áureas catalogadas por eixemplo na *Edade do Ferro na Galiza*, de Cuevillas, e debidas as mais a achádegos de casualidade. Foi iste, pois, certamente un país de tesouros.

Tocantes á atribución dos haberes acochados ós mouros, no noso citado traballo pódese ver como aparece xa no século XII na *Crónica de Turpin*, e volve logo no suposto pergamiño de Don Gutierre de Altamira que reproduce o *Libro de San Cypriano*, pergamiño que cecais foi o prototipo das *Gacepas*

ou *Gacetas* d'Asturias. Non temos atopado eiquí, deica agora, as taes *gacepas*; os nosos informantes refírense en troques a miúdo ó *Libro de San Cypriano* ou *Ciprianillo*.

O que acontez moitas veces é que digan que algún do lugar ouvíu falar en lonxanas terras do gran tesouro ou haber que hai en tal castro ou en tal mámoa ou en tal fonte. Así, o Calote de Casares ouvíu falar en Portugal dos dous xigantes de ouro do castro de Morgade, e un mozo de Morgade, prisoero de Abd-el-Krim, ouvíu ós mouros da preciosa silla do Rei, acochada no mesmo castro.

A TRABE D'OURO.—O coñecido e tan espallado tema da trabe de ouro, en compañía, crar'está, da de alquitrán, aparece eiquí somentes nos castros de Morgade e Santa Adegá. Nos dous hai tres trabes: a terceira é de prata no Morgadán e de fogo no de Santa Adegá. Non podemos hoxe escrarecel-o problema de por qué o ouro se presenta na forma de unha trabe.

O aparecer a de alquitrán a carón da de ouro repersenta o perigo de manexar forzas descoñecidas, que sempre sinalan as leendas. A máxía teórica esprica de diversos xeitos iste perigo, o qual relaciónase a un tempo, por unha banda, c'unha concepción dualista do ultramundo, e pol-a outra, co-a intenzón moralizadora ou pedagóxica da leenda. Coido que non hai que desbotar o rol didáctico das leendas, ben demostrado pol-a literatura medieval.

OS XIGANTES D'OURO.—Os do Castro Morgadán teñen mais d'un paralelo: do Couto de Louredo, perto de Mugares (concello de Toén) refíren que no *Ciprianillo* está escrito que cavando alí hase atopar a capela do San Ciprián, e na porta dous xigantes con mazas, e cando entra un, baixan as mazas e mátano, e desfáise todo en ouro. Por iso, o que ó queira lograr, ten que facer entrar diante un cadelíño ou calquer outra cousa viva (véxase revista *NÓS*, núm. 5, *Arquivo filol. e etnog. de Galiza*).

O OURO SACADO A ASOELLAR.—Tamén é tema de moito espallamento, e atopámolo eiquí no Castro de Baínte. Semella coma si o ouro tivera necesidade de que

o puxeran de cando en cando á luz do sol, como si atuado perdera cecais as súas propiedades. El haberá n-isto a idea d'unha relación entre o ouro e o sol?

Lembremos dous feitos: a astroloxía xudiciaria estabreceu dende tempo inmemorial a correspondenza entre o sol e o ouro; o astro domiña o metal; o metal pertence ó astro. A alquimia veu estabrecer entre os dous certa identidade de natureza: o ouro é unha sorte de condensazón da luz solar. A orixe de estas ideas semella ben antiga.

DESENCANTAMENTO DOS TESOUROS.—No castro de Baínte semella que depende de atinar co-a resposta que un debe dar á moura. Tamén iste tema se atopa a miúdo (Véxase por exemplo: *Prehistoria galega. O Neixón*, por Cuevillas e Bouza Brey, no *Bol. da R. Acad. Galega*).

). Lembra o enigma da Esfinxe, os que se propoñen pra obter a man da filla de un rei, etc. E nótese que xeralmente, na máxía realiza o que atina coa verba, pérdese o que a trabuca. En realidade, cada situación da vida non nos propón un enigma co que compre atinar? Non vai descamiñada a sabencia do pobo, e novamente teremos que lembrar o carate educativo que tiveron e teñen as leendas: forman parte dos recursos pedagóxicos espontáneos. En parte, o Oriente aínda educa con exemplos e parábolas, non somentes ós nenos, senón ós adultos. As obras filosóficas dos chinos están escritas de ise xeito, e non imos xa ó *Panchatantra* e ó *Hitopadesa*. Pois ben: eiquí atopamos castigada a cobiza do que pide o ouro ós ferrados.

No Morgadán oférecense dúas solucións: 1.^o desencantar unha moura coxa, non din como; 2.^a botar os exorcismos, cavar ata atopar a cobra, e beixala na testa. O dos exorcismos ten relación co *Libro de San Cypriano*, onde hai unha orazón pra desencantamento de tesouros, e un circo máxico que compre riscar no chao, no que s'escribe a verba cabalística *Agla* (acróstico de *adhab gabor leolam Adonai*: sodes poderoso e eterno, Señor), moi empregada pol-os mouros na Edade Meia, e d'uso corrente antr'os cabalistas europeos no século XVI, época á

que semella que compre atribuir aquí grimoio. O exorcismo pode ter por finalidade: ou botar fora ou paralizar ós donos do tesouro pra poderllo coller—ou pra limpar o tesouro da forxa máxica pernizosa que poidera ter. Non temos logrado aínda qu'os nosos informadores nos acrasen iste estreito. Mais coido que compre distinguir ben o exorcismo do desconxuro, embora non poidamos agardar qu'a xente os distinga en cada caso. O desconxuro pode servir sinxelamente pra desencantar: pra que o tesouro se manifeste na súa verdadeira forma. En todo caso, o exorcismo reveste xa unha forma especificamente cristián, anque pódese achar posto no canto de un procedemento de mais antiga orixe.

O da cobra repítese tamén moito no noso folk-lore. Aparez a cobra xa coma gardiana do tesouro, xa coma forma que reveste unha dona encantada. De unha e de outra, hemos atopar ben paralelos n-outros fascículos d'iste *Catálogo*. O beixala pra desfacer o encanto é tamén corrente, anque ten a variante de terlle que tirar cos dentes un carabel que leva no bico, coma na citania de San Cibrao das Lás. O desencantador ten que vencer o medo e o noxo que lle causa a cobra; é o sacrificio que lle val a recompensa.

A RAPAZA COMIDA POL-OS MOUROS.—Atopamos iste tema repetido dúas veces na bisbarra de Vilamarín: nos castros de Frameán e da Madanela. As dúas, a rapaza sofre por castigo e por vinganza. Coido que co-isto compre relacionar o de:

—*Aquí me huele a carne de cristianillo vivo* dos castros de Santa Ádega e Marcelle. Novamente terémonos que referir ó traballo citado, *Os mouros encantados*, onde sinalamos a relación dos mouros cos *ogros*, fundada n-estas leendas. Como alí indicamos, hai outras variantes en que os mouros castigan

ós cristiáos que se relacioan co-iles, principalmente, cando revelan o segredo das súas relacións.

Os mouros encantados teñen case sempre o duplo carate de protectores invisibles e de antropófagos.

O SACRIFIZO DOS BOIS.—Cousa curiosa e que se non atopa tan espallada, é a leenda das dúas rapazas que de un xeito cáxique ritual, sacrifican os bois no castro de Marcelle. Hai aquí unha lembranza dos sacrificios relixiosos dos pagaos? Poderíamolo determinar si a leenda nos fornecera mais detalles, e sería d'aquela a proba mais terminante da confusión dos mouros con razas mais antigas.

E si en realidade tratárase d'un sacrificio relixioso, como semella o mais probabre, compre ter en conta o feito de seren mulleres as que o realizan—precisamente o seren mulleres as que matan os bois, non adoitando facelo na leenda nin no costume da terra, é o que mais fai sospeitar que se trate d'un sacrificio relixioso—e iste feito non pode por menos de nos tragar á memoria canto se ten dito e escrito encol das druidesas das sacerdotisas céltigas da illa de Sen, d'outras sacerdotisas nórdicas, e do seu posíbre avencellamento co-as modernas bruxas, sabias, feiticeiras, meigas, etc.

Pode ser que todol-os puntos que levamos tocado do folk-lore castrexo do val de Vilamarín, sexa iste o que meirande importancia teña. É dende logo o que abre diante de nós mais longas perspeutivas, fornecéndonos cecais o fio pra unha teoría xeral, cuio esbozo nin é propio facer aquí, nin o dato abonda tampouco pra fundamentala anque fora de xeito hipotético. Mais non quita que mais adiante, novas confirmanzas nos veñan dar ocasión de darlle desenrolo.



ERRO IMPORTANTE

<i>Página</i>	<i>Liña</i>	<i>Dí</i>	<i>Debe decir</i>
24	21 e seguintes	peirtos no erguemento providos de terrapréns de torróns, no manexo de torres de madeira e na táctica do <i>testudo</i> .	providos de torres de madeira peritos no seu manexo e no erguemento de terrapréns de torróns e acostumados á táctica do <i>testudo</i> .

Rematouse de imprentar
en "NÓS" o quinze
de Marzal do
MCMXXVIII

